

# EL EXTRAMUNDI

Y

## LOS PAPELES DE IRIA FLAVIA

AÑO XVI

NÚM. LXIII

*Revista trimestral fundada por Camilo José Cela*

CAMILO JOSÉ CELA: *Antología de textos sobre Ourense*

XOSÉ CARLOS CANEIRO: *Fragmentos de interior, 4*

ALFREDO CONDE: *O aroma das xestas*

*Ourense, por Carlos Freire*

MARCO VALERIO LAMA: *La ciudad que respira*

ADOLFO SOTELO VÁZQUEZ: *Eduardo Blanco-Amor y "La Vanguardia" (Barcelona, 1968-1976)*

JOSÉ M. ANDRADE: *Cultura clerical y cultura popular en el legendario jacobeo: la barca de piedra*

IGNACIO BERMÚDEZ DE CASTRO OLAVIDE: *Pascual Duarte, ¿víctima o verdugo?*

XOSÉ-AFONSO ÁLVAREZ, DAVID RODRÍGUEZ, DAMIÁN SUÁREZ: *Unha aproximación ós ditados tópicos ourensanos nos materiais do "Diccionario geográfico popular de España"*



IRIA FLAVIA

Otoño MMX


# EL EXTRAMUNDI

Y

## LOS PAPELES DE IRIA FLAVIA

Año XVI

Núm. LXIII



*Revista trimestral fundada por C.J.C.*

*Gobernadora*  
Covadonga Rodríguez del Corral

*Director*  
Ernesto Sánchez Pombo

*Secretaría de redacción*  
Electra Menéndez Muñoz

*Redacción*  
Francisco Blanco Sanmartín  
Oliva Mella Cea  
Lourdes Regueiro Fernández  
Iván Rodríguez Varela

\*

### ÍNDICE

*Don Camilo regresa a Ourense* ..... 5

ANTOLOGÍA DE TEXTOS DE CJC ..... 7

#### SOBRE EL ALMA GALLEGА

Xosé Carlos Caneiro: *Fragmentos de interior*, 4 ..... 49

Alfredo Conde: *O aroma das xestas* ..... 57

*Ourense, por Carlos Freire* ..... 63

Marco Valerio Lama: *La ciudad que respira* ..... 81

Adolfo Sotelo Vázquez: *Eduardo Blanco-Amor y*

*"La Vanguardia"* (Barcelona, 1968-1976) ..... 93

#### LA ESPADA Y EL BORDÓN

José M. Andrade: *Cultura clerical y cultura popular en el legendario jacobeo: la barca de piedra* ..... 115

#### EL ÉMBOLO DE DESCARTES

Ignacio Bermúdez de Castro Olavide: *Pascual Duarte, ¿víctima o verdugo?* ..... 127

Xosé-Afonso Álvarez, David Rodríguez, Damián Suárez: *Unha aproximación ós ditados tópicos ourensanos* ..... 141

LAS CARTAS SOBRE LA MESA ..... 161

**Portada:** Carlos Freire.

**Portadillas:** marcas de cantero de la Catedral de San Martín de Ourense.

XOSÉ-AFONSO ÁLVAREZ, DAVID  
RODRÍGUEZ, DAMIÁN SUÁREZ

*Unha aproximación ós ditados tópicos  
ourensáns nos materiais do “Diccionario  
geográfico popular de España”*



**IRIA FLAVIA**  
Otoño MMX

De "EL EXTRAMUNDI Y LOS PAPELES DE IRIA FLAVIA"  
nº LXIII. Otoño MMX

*Tirada aparte de sesenta  
ejemplares numerados*

Ej. nº .....<sup>9</sup>.....

## *Unha aproximación ós ditados tópicos ourensáns nos materiais do "Diccionario geográfico popular de España"*

En números anteriores de *El Extramundi* fixemos unha breve introdución ó proxecto de *Diccionario geográfico popular de España* emprendido por Camilo José Cela. Recuperaremos aquí unhas notas. O Premio Nobel sempre estivo interesado na cultura popular e deu proba dese aprecio non só no numeroso material filtrado nas súas novelas, senón tamén, por exemplo, nos seus recoñecidos libros de viaxes. Dentro das extensas e variadas manifestacións desta cultura, interesouse especialmente polos *ditados tópicos*, isto é, calquera palabra ou enunciado que conteña algúin topónimo ou faga referencia a unha determinada entidade de poboación, concepto moi amplo que inclúe alcumes, cantigas, refráns ou xentilicios.

Coa intención de facer unha recolla sistemática deste material, CJC emprendeu un ambicioso proxecto, o *Diccionario geográfico popular de España*, que comezou con baleirados de material impreso e con enquisas sobre o terreo. Evidentemente, non era factible levar a cabo este proxecto contando só coas mans de Cela e algunha axuda esporádica, polo que se pediu a axuda dun dos poucos corpos funcionariais estendidos por todo o territorio español: os carteiros. A través das Xefaturas de Correos, os traballadores postais recibiron un cuestionario con preguntas sobre os xentilicios e alcumes da localidade que servían ou doutras veciñas (é sabido, e constatarémolo neste artigo con algúns exemplos, que o enxeño popular é máis vivo en cualificar os veciños do que describirse a si propios). O proxectado *Diccionario geográfico popular de España* non chegou a completarse, pois só se publicou (en 1998) o primeiro volume, dedicado ós *ditados tópicos* que conteñen a palabra *España* ou o xentilicio *español*.

As respostas inéditas dos carteiros consérvanse actualmente na Fundación Camilo José Cela en Iria Flavia, que en xullo de 2008 asinou un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, a través do Instituto da Lingua Galega, para dixitalizar, estudar e divulgar as referidas ó territorio galego. Descontadas as fichas en branco ou que non contiñan informacións relevantes, o corpus abrangue

1338 fichas, das cales 372 corresponden á provincia de Ourense. Examinaremos a seguir algunha da rica información que conteñen.

Indícasenos a miúdo nos cuestionarios que Ourense é a *terra da chispa* e que os seus habitantes levan o alcume de *afiadores* ou *paragüeiros*. En efecto, os ourensáns desempeñaron estes oficios, non só na súa provincia, senón que tamén ofreceron os seus servizos polas terras veciñas e as que non o son tanto, acompañados sempre da súa roda de afiar, da que saían faíscas cando se limaban os metais, de aí o alcume de *terra da chispa*. Cantan en Nogueira de Ramuín, un dos concellos que viu nacer máis destes traballadores, o seguinte: *Todos somos afiadores / todos somos de por alá / todos somos afiadores / todos sabemos afilar*. A maioría dos lectores coñecerá a famosa cantiga *No hay quien pueda / no hay quien pueda / con la gente marinera/ marinera, pescadora / no hay quien pueda / por ahora*. Pois ben, nunha ficha procedente de Ourense capital este canto foi transformado no seguinte: *No hay quien pueda / no hay quien pueda / con la gente paragüera / paragüera, afiladora / no hay quien pueda / por ahora*.

Como salta á vista, os oficios que teñen presenza forte nunha determinada localidade son un dos recursos máis habituais para poñerles alcumes ós seus habitantes. Un exemplo constitúeno os residentes no concello de San Cristovo de Cea, de quen se nos di en repetidas ocasións que son *panadeiros*, por causa da sona e presenza do seu pan, que agora está amparado por unha indicación xeográfica protexida. A cousa vén de vello, pois parece que tal actividade estivo ligada á fundación do mosteiro de Oseira e que xa no século XIII hai documentos que falan de dito pan; no Catastro de Ensenada, realizado a mediados do s. XVIII, dos 82 veciños censados (non todos os habitantes, ou *almas*, eran considerados veciños), 15 declaraban ter como oficio o de panadeiro. Non son raros no noso corpus os casos de alcumes creados a partir dunha profesión: segundo contan en Maceda, os da parroquia de Tioira son *cocebarros*, mentres que os do Covelo, no veciño concello de Xunqueira de Ambía, levan o alcume de *zapateiros*.

Tampouco faltan as designacións inspiradas nos recursos naturais do territorio, isto é, plantas salvaxes ou cultivadas que abundan na zona. Facendo referencia á leña miúda, os habitantes de Armaiz, no concello de Nogueira de Ramuín, reciben a alcuña de *char-*

*mugas* e, para facer burla deles, os seus veciños cántanlle: *Char-mugas, / encendededes o forno con carpazas / e sáenvos as tortas crías!* Outro nome para a carpaza (ou, cando menos, para unha súa parente, porque hai varias especies semellantes e as designacións entre-crúzanse), planta que cobre moitos centos de hectáreas galegas, é *torga*, e os habitantes da Gudiña levan o alcume de *torgueiros*. A *nabiña* é a semente do nabo ou, por extensión, de calquera hortaliza. Precisamente, os poboadores de Podentes, no concello ourensán da Bola, son alcumados *nabiñeiros* e, segundo consta na ficha recollida na localidade, eles denominan *garabulleiros* os seus veciños de Soutomel; o *garabullo* pode ser un tipo de garavanzo ou chícharo, pero normalmente designa un pau seco que se usa para facer o lume, co que volveríamos ós nomes que abrían este parágrafo, constatando o enxeño popular, que consegue acuñar tantos alcumes para falar do mesmo. A xente de Vilanova dos Infantes (Celanova) son *ceboleiros*. Nalgúns casos, a referencia a unha planta ten outras connotacións. O carteiro de Melias, en Coles, indícanos que os habitantes do dito lugar son os *perixeles*, pero, de facerlle caso (non parece que sexa moi imparcial), non sería porque abundase o perexil nesa zona, senón porque é un *calificativo que apunta no solo al aspecto físico de frescura y lozanía, sino también al sicológico de soltura y gracejo más para ostentar que para ser*.

Noutros casos, son os animais os que se toman para crear una designación. Os de Cambeiro (Coles) son *ovelleiros* e os seus veciños de San Eusebio da Peroxa son coñecidos como *pericas*, referíndose ó mesmo animal. En ocasións, a explicación non é a que parece. Cando lemos nunha ficha que *pra porcos, os de Amoeiro*, non se quere dicir que a hixiene dos habitantes deste concello ourensán sexa defectuosa, senón que a súa feira de gando tiña sona polo ben mantidos que estaban os porcos que alí se vendían. Porén, si que hai casos en que a escolla dun determinado animal parece motivada por un desexo de facer burla, como pode ser *escaravellos* para os habitantes de Castromarigo, no concello da Veiga.

Hai ocasións en que o alcume ten unha motivación máis sinxela, a localización xeográfica do lugar en cuestión. Por exemplo, a xente de Chandrex de Queixa leva o alcume de *montañeses*, o que non sorprende, pois a capital do concello está situada a 997 metros sobre o nivel do mar. Os de Manzalvos (A Mezquita) recibiron o nome de

raiotos e, efectivamente, a Raia, a fronteira entre Galicia e Portugal, está a un quilómetro e medio dese lugar.

Porén, a maioría de alcumes teñen unha intención lúdica, a exaltación das propias virtudes e o escarnio dos veciños. Non debe crerse que haxa razóns obxectivas de fondo, polo menos na maioría dos casos, senón que moitas composicións están motivadas por elementos tan banais, como a rima. Damos dous exemplos: a xente da Mezquita declarou que o veciño de Castromil é coñecido como *empinabarril* e os habitantes de Amoeiro afírman, sobre eles mesmos, que *pra viño, o Ribeiro, e pra nenas guapas, o chao de Amoeiro*. É claro que se os nomes das localidades tivesen letras distintas, as descripcións serían forzosamente outras. Ás veces non se trata só dunha rima, senón que se fan xogos de palabras: un carteiro escribe que o alcume da xente de Bande é o de *bandido*.

Nalgúns casos, o que recollemos son ditos ou cantigas que gaban os habitantes da propia localidade servida polo carteiro que enviou a ficha a CJC. En Castrelo do Miño afírmase que *Se queres tomar un bon viño, ó pasar polo Ribeiro vai por Castrelo de Miño*, pero as habelencias poéticas da xente (ou do carteiro!) de San Estevo de Ribas do Sil son maiores, xa que nos recitan na súa ficha os seguintes versos: *Na vila de San Esteban / da ribeira do Sil / érguese o noso convento / de maxestade entre mil. / Por monxes benedictinos / esta xoia foi erguida / pra que na terra dos celtas / houbera esta ledicia*. Noutros casos, o talento lírico insprírase noutras fontes. Parágrafos atrás falamos da canción *No hay quien pueda...*, pois ben, en Loeda, parroquia de Piñor, cóntasenos que *con los de Loeda / no hay quien pueda / porque somos del arte de la madera*, xa que nese lugar había varios aserradeiros.

Pero non é esta a situación máis frecuente. Máis gusto que botarse flores dá meterse cos veciños, e se é posible facer as dúas cousas a un tempo, mellor que mellor. Son típicas as rivalidades entre aldeas veciñas, e o carteiro de Piñeira de Arcos (Sandiás) fai un relato pormenorizado dos piques coa capital do concello: *Sandiás, la cabeza del ayuntamiento, dista de Piñeira tres kilómetros. Las relaciones son hoy cordiales; pero no lo debieron ser antaño, pues los de Piñeira decían de Sandiás: "Ó pasar por Sandiás, mira pra diante e pra atrás", y los de Sandiás replicaban: "Ó pasar por Piñeira, pata lixeira, pata lixeira". Estos refranes son de los tiempos bárbaros en que*

*en las fiestas de aldea se desafiaba a los eternos rivales gritando: "Quen me díe un pau, doulle un peso" o "Vivan los de Lalín con razón ou sin ela". Esto ya no se lleva, entre otras razones, porque ya no hay fiestas de aldea, pues los mozos se hallan por Centro Europa.*


Encontramos no material innumerables exemplos de cantigas deste tipo. Así, os de Corvelte (concello da Peroxa), celosos da boa sona dos caldos veciños, denuncian na súa ficha que *Os da Ribeira presumen de que teñen viño, pero veñen a Corvelte cando queren untar o fuciño*. Os habitantes da parroquia de Toén, no concello do mesmo nome, situado na periferia de Ourense capital, teñen moi clara a súa opinión sobre dúas parroquias veciñas: *En Toén vale quen ten; Por Mugares pasa e non te pares; por Untes pasa e non preguntas*. É curioso que en Untes se recollera, en cambio, *Untes, terra de bon viño; cando pases por Untes, bebe e non preguntas*. Non ten mellor sona a xente de Cea nin a de Oseira, pois nunha ficha advertíusenos de que *Amigos de Cea / e compadres d'Oseira / traelos de lado / como a faltriqueira*.



Como sinalamos anteriormente e se pudo constatar ó longo deste artigo, a grande maioría dos alcumes valorativos, tanto positivos coma negativos, non obedecen a causas obxectivas, senón que se constrúen en función da rima. Noutras ocasións, o que comprobamos é a existencia dunhas estruturas *preconstruídas* en que se insiren os nomes dos que se queren facer burla. No artigo publicado no número 61 de *El Extramundi* copiábamos a recomendación *Vacas de Mandao e nenas de Cesuras, aparta delas como de Xudas*. Pois ben, na Mezquita recolleuse a seguinte composición: *Vaca de Manzalvos e muller da Mezquita, quita, quita*. Nese mesmo número dábanse numerosos exemplos dunha cantiga moi coñecida en toda Galicia: *Os de Curtis mataron un burro, / os de Teixeiro coméreron crudo, / i-os de Fisteus mandaron recado, / que lles gardaran a punta do rabo*. E en Ourense non faltan exemplos de textos semellantes. En Razamonde (concello de Cenlle) dise que *Os de Razamonde mataron a burra, os de Xubín comérona cruda e os de Prado mandaron recado que lles gardaran a punta do rabo*. A versión de Untes (concello de Ourense) é *Os de Canedo mataron o burro, os de Palmés coméreron crudo e os de Santa Cruz mandaron recado que lles deixaran a punta do rabo*. Hai incluso unha versión en castelán lixeiramente adaptada, coa que finalizamos esta breve escolma: *Los de Quereño matan al lobo, los de*

*Sobrelo comen todo, los de Pumares mandan razón que le manden la lengua y el rabo.*

Consideramos que esta pequena mostra xustifica o interese do proxecto de edición dos materiais galegos do *Diccionario Geográfico Popular*. Nunha segunda fase está prevista a incorporación doutros materiais, procedentes de refraneiros, cancioneiros ou, incluso, da colaboración dos propios habitantes, que queiran compartir os seus coñecementos e ampliar, así, o noso rico patrimonio cultural.

XOSÉ-AFONSO ÁLVAREZ  
DAVID RODRÍGUEZ LORENZO  
DAMIÁN SUÁREZ VÁZQUEZ  
(Instituto da Lingua Galega,  
Universidade de Santiago de Compostela)





*Parroquia de San Miguel*

MELIAS - BARRA DE MIÑO

(ORENSE)

**MISCELLANEA**

1.- Historia.- La comarca natural de Barra de Miño, compartida por parte baja de la parroquia de San Eusebio y toda la de San Miguel de Melias, ha sido calificada con la gaditana frase "Tacita de Plata"

Muchos de los típicos pazos escogieron esta ribera para promocionar no solo los valores rurales (aceitunas, viñas, frutas, hortalizas, ganado), según módulos de cuño medieval (Souto de Buena Vista del Conde de Troncoso, Figueiredo de Garros, Villerma de Ribadeneira, etc.), sino también los espirituales de familia, religión y cultura polifacética mediante "Prioratos". Dos ciertamente en Melias: a) San Miguel de Melias, matriz parroquial, con iglesia de fachada y muros (con canecillos) románicos. Casa prioral (aun en la parte que quedó después de la ley de Mendizábal) importante, con cocina de chimenea típica. Piso (enlousado) de largas piedras sobre arcos (2) de medio punto, pétreos también. Corredor (solana o solario), todo de piedra sobre airo-sas ménsulas con baranda de hierro forjado del s. XVII (la fecha de 1733 campea bajo el escudo de la fachada oeste, de 9 mitras, distintivo del Monasterio Benedictino de San Esteban de Ribas del Sil, al que perteneció este Priorato hasta pasado 1 siglo).

b) San Lorenzo de Melias, Priorato perteneciente al Monasterio de Osera. Solo se conserva la rústica capilla con un precioso retablo del S. XVI.

c) Uno dudosa (se está indagando) en la parte baja de San Eusebio, en donde existe una Capilla dedicada a San Juan Bautista, y en cuyas inmediaciones existe una edificación de factura totalmente románica (como la iglesia de Melias), aunque muy reformada para vivienda actual.

**2.- ONOMASTICA**

a) Pueblos de la parroquia de Melias -20-, algunos con un solo vecino temporero, como Cachoutil:

Casanova	Priorato
San Lorenzo	Souto (de Boa Vista)
Levices	Outeiro
Outeiriños	A Pascua
Fonte do Monte	Fontao
Belesar	Ceredo
Cruceiros	Figueiredo
Nevoade	Miegodevila
Villerma	Sobrado
Cachoutil	Barra de Miño (Estación)



Algunos nombre curiosos de la P. de San Eusebio:



Silva	Natorra (pazo)
Bamio de Cima	Carvallo veral
Bamio do Fondo	Casa da Fonte
Montecelos	Pereira
Mira do Rio	OBoco
Pousada	Vilarchao
Furada	Laxas
Trasdorrio	Lagarriños
Izás	Ferreiros



b) APODOS O MOTES mas típicos:

RELON	
Pixi	Gayo
Gandarela	Piribi
Roxo	Gorretas
Campaneiro (1)	Gorrillas
Malelo	Penacha
Pelelo	Pitueiro
Os do Pio	Calafodas
Os Brasas	Coronel
O Castizo d'Outeiro	

(1) Los ascendientes construyeron campanas en el pueblo de Casanova. Hay restos de los rústicos hornos.







## DICIONARIO GEOGRÁFICO POPULAR ESPAÑOL

Camilo José Cela

De la Real Academia Española

La Bonanova

Palma de Mallorca

La ciencia de la geografía nos exige a todos la mayor seriedad en las transcripciones verdaderas, al margen de cualquier otra consideración; con esto quiero señalarse que, en las respuestas al presente cuestionario (que siempre figurarán anónimas), no debe omitirse ningún apodo, aunque pudiera parecer insultante, ni ningún refrán o copla, aunque encierre palabra mal sonante u ofensiva.

No dude usted en añadir cualquier otro dato que juzgue de interés, empleando para ello el presente cuestionario (al dorso) o una o varias cuartillas supuestas.

Se ruega que el presente cuestionario sea rellenado a máquina o, de no ser ello posible, con letras mayúsculas.

Se ruega asimismo que, una vez cubierto, se remita a la dirección que figura en el encabezamiento.

1. Localidad D. Barbantes 2. Ayuntamiento y Provincia Puente Ourense

3. Comarca natural Barbantes 4. Administración de Correos Barbantes

5. ¿Cuál es el nombre o los nombres que reciben los naturales de la localidad?

(En el sentido en que los de Madrid son madrileños o madrileñas.)

LOS DE ORENSE SOMOS ORENSEÑOS. OTIERRA DELAS BURGAS Y GALLEGO

6. ¿Cuál es el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto, los habitantes de la localidad?

(En el sentido en que los de Madrid son gatos o gallinatos.)

LA FILA DORES SI ORIREIREÑOSI

7. ¿Conoce el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto los habitantes de alguna localidad diferente a la suya? Sírvase transcribirlo, con el nombre del pueblo a que se refiere.

LOS DEL PUEBLO DE GARABANES SON GARABANSES. OTRATANTES SON GANADOS.

8. ¿Conoce algún refrán, dicho o copla en que figure el nombre de la localidad, o el nombre o el apodo de sus habitantes? Sírvase transcribirlo.

QUE UN ORIREIRO ORIREIRO DE AVIA. EPASEI POR RIBADAVIA POR RIBADAVIA PASEI POR VENTO SELA TEÑO UNA ENNAO E DA GUSTRO, B. LA ORIBEIRO FUNKO YIÑO E KORRACHDUM MEUKA MEMA KORROU MAIS ORIBEIRO IN DAMEDURA AQUELA! -

RIBADAVIA CAPITAL DEL RIBERO. DE LOS FAMOSOS VINOS DE ESE NOMBRÉ

## DICIONARIO GEOGRÁFICO POPULAR ESPAÑOL

Camilo José Cela

De la Real Academia Española

La Bonanova

Palma de Mallorca

La ciencia de la geografía nos exige a todos la mayor seriedad en las transcripciones verdaderas, al margen de cualquier otra consideración; con esto quiere señalarse que, en las respuestas al presente cuestionario (que siempre figurarán anónimas), no debe omitirse ningún apodo, aunque pudiera parecer insultante, ni ningún refrán o copla, aunque encierre palabra mal sonante u ofensiva.

No dude usted en añadir cualquier otro dato que juzgue de interés, empleando para ello el presente cuestionario (al dorso) o una o varias cuartillas supuestas.

Se ruega que el presente cuestionario sea llenado a máquina o, de no ser ello posible, con letras mayúsculas.

Se ruega asimismo que, una vez cubierto, se remita a la dirección que figura en el encabezamiento.

1. Localidad PAZOS-S. CLAUDIO 2. Ayuntamiento y Provincia SAN CIPRIAN-ORENSE

3. Comarca natural LA RAVEDA 4. Administración de Correos OURENSE

5. ¿Cuál es el nombre o los nombres que reciben los naturales de la localidad?

(En el sentido en que los de Madrid son madrileños o madrileñas.)

LOS NOMBRES QUE RECIBEN LOS DE ESTAS TRES PARROQUIAS A LAS QUE SE PRESTAN MIS SERVICIOS COMO PANTERO SON, LAS RAVEDAUS

6. ¿Cuál es el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto, los habitantes de la localidad?

(En el sentido en que los de Madrid son gatos o gallinatos.)

HOS ERVEIROS DA RAVEDA  
POR SER ESTA LA ZONA MAS PRODUCTIVA

7. ¿Conoce el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto los habitantes de alguna localidad diferente a la suya? Sírvase transcribirlo, con el nombre del pueblo a que se refiere.

OS CREGOS DA RAVEDA POR QUE EN TIEMPOS ELES ERAN LOS POSEEDIAN GRANDES BIENES EN PRADERIAS

8. ¿Conoce algún refrán, dicho o copla en que figure el nombre de la localidad, o el nombre o el apodo de sus habitantes? Sírvase transcribirlo.

LOS VELLOS SONDES MAIS BELOS CA MISMA AIREXA DE PAZOS

LA CIUADE HA PERDIDO SER DECLARADA MONUMENTO POR CULPA DE UNA REFORMA QUE SE HIZO NEIA EN EL SIGLO-XIV-

